

Quen está roubando no
**MUSEO DAS
MARIÑAS?**



ACTIVIDADE

Xogo de pistas para coñecer as diferentes coleccións do museo e algunhas curiosidades da nosa historia.

OBXECTIVOS

Resolver o maior número de probas para poder resolver o enigma de quen é o traballador do museo que está favorecendo os roubos.

INDICACIÓNS PREVIAS

Algunhas das probas teñen certa dificultade, polo que é aconsellable que haxa sempre apoio de persoas adultas.

Imprimide as seguintes follas en modo libro para que cada alumno ou cada grupo teña o seu propio caderno.



Quen está roubando no MUSEO DAS MARIÑAS?



Advertencias antes de comezar:


- Está prohibidísimo tocar as pezas do museo. Ten coidado!
- O lapis é só para pintar o papel. Non pintes as paredes!
- Hai probas sinxelas e outras complicadas, non te preocupes se non as superas todas. Pide axuda se o precisas!
- Eres un detective. Actúa con sioxilo e en silencio. Ademais de molestar a outros visitantes podes estar dándolle pistas ao ladrón!

I.2 Mapa

Busca a fotografía aérea de Betanzos.


Serías capaz de localizar e debuxar as diferentes liñas de todas as murallas que tivo a cidade na súa historia?

Busca as formas e proba a debuxalas:



I.4 Medioevo

Practica epigrafía! Temos unha lauda dun veciño betanceiro, A.JANEYRO. Despois do nome aparece o seu cargo e a palabra BETAÇOS. Sen mirar na cartela! Serías capaz de dicir en que traballaba?



I.6 Heráldica

No primeiro tramo de escaleiras temos un escudo que apareceu misteriosamente na Porta da Vila. Ten varios animais: hai lobos, dragóns, águas...

Serías capaz de debuxalos a todos?

2.I Cronoloxía

Unha das moedas máis antigas da nosa colección é unha que está acuñada por Marcus Furius e que ten no seu anverso ao deus romano Xano, que tamén podemos ver no calendario agrícola de Santa María do Azougue.

Debuxao, cas súas caras mirando ao pasado e ao futuro e dinos en que ano está acuñada a moeda:

- II9 dC
- II9 aC
- 2024

I.1 Imprenta

Para poder traballar con estes artiluxios antigos, había que facer o texto dunha folla, letra a letra, escribindo do revés.

.sèver ob asitei as asbot obnidiroæ ,i2

Logo mancharíamos todo de tinta, poríamos a folla e, por fin, impresión feita.

Serías capaz de escribir o teu nome e apelidos do revés?



Dende fai un tempo, no Museo das Mariñas faltan cousas. Cada noite desaparece unha peza diferente: un torque, unha moeda, un cadro...

Sospeitamos que os ladróns teñen un colaborador dentro do museo que desactiva a alarma polas noites para que poidan entrar a roubar.

Supera todas as probas que poidas (algunhas son moi complicadas!) e atopa ao responsable desta desfeita!

I.5 Medieval

Todo o mundo coñece o sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, o señor medieval que descansa sobre un oso e un xabaril. No Museo das Mariñas temos a Sancha Rodríguez, a súa primeira muller, que no seu caso mantiña o seu sepulcro sobre:

• Xirafas • Osos • Xabarís • Leóns • Troitas

I.3 Porto

No Museo das Mariñas temos a lápida do tío de Boabdil, o último rey de Granada. Desaparecera da Alhambra en 1574 e estivo en Betanzos ata 1743, funcionando como altar da igrexa de Santa María ata a súa devolución.

Isto é moi curioso porque é unha lauda musulmá no que aparece moitas veces a palabra “Alá” escrita en árabe do seguinte xeito:

Cantas veces podes ver esta •2
palabra nas dúas primeiras •4
liñas? •6

الله

2.2 Apostolado

Une as
personaxes
co obxecto
que
portan:

Pedro	Espada
Juan Evanxelista	Libro
Andrés	Nada
Santiago Menor	Escuadro
Bartolomé	Outro libro
Matías	Bastón
Judas	Chaves
Felipe	Copa
Pablo	Libro e bastón
Simón	Libro
Tomás	Machado
Santiago Maior	Navalla

2.1 Cronoloxía

O pobre San Lázaro debe ser o santo betanceiro que ten peor cara. Por algo era o patrón dos enfermos de lepra. Buscao polo Museo das Mariñas e dinos en que século está datada a primeira festa do seu barrio:

- XV
- XVI
- XIV
- XXII

2.3 Foto e Pintura

Dúas das pontes máis senlleiras da nosa cidade serían as chamadas Ponte Vella, sobre o Mandeo; e Ponte Nova, sobre o Mendo. Esta última reformouse nos anos oitenta perdendo a súa beleza. Aínda así, hai tres cadros nos que aparece representada. Quen son os autores?

- Fco. Javier Martínez Santiso
- A. Palla
- Sofía Feliú
- Jesús Núñez
- Rosina Martínez
- Castro Gil
- Francisco Lloréns
- Manuel Abelenda

2.3 Foto e Pintura

Francisco Javier Martínez Santiso era unha persoa moi curiosa: artista, fotógrafo, deseñador, investigador... No museo gardamos algúns dos produtos que empregaba para rebelar as súas fotos ou mesmo para facer perfumes. Cal non temos?

- Xenebra
- Láudano
- Elixir bucal Brigancia
- Glicerina
- Trinitrotolueno (TNT)

2.4 García Naveira

Malia que os García Naveira viaxaron por medio mundo, na súa época aínda había territorios aos que non tiña chegado o “home branco”. Por iso nos mapas podemos ver “Países desconocidos”.

Adéntrate nese mundo descoñecido e busca a cidade oculta de:

LIBABI

Proba extra! 2.6 Sala do Traxe

No museo temos un montón de traxes antigos de diferentes tipos. Busca entre a colección os seguintes:

- Un “chubasqueiro” tradicional.
- Un traxe de noiva que vai casar.
- O traxe co que bailar a danza dos mariñeiros.
- O traxe dos militares betanceiros (non son ingleses!)

SOSPEITOSOS



ERMITAS

É a conserxe e ten as chaves de todas as habitacións



ÁNGEL

É o director pero non se entera de nada



PITUSA

É a bibliotecaria e está atenta a todo dende o seu mostrador



VEIGA

É o arquivista e coñece todos os segredos do edificio



AMÉRICA

Traballa no museo e pasa o día poñendo orde entre as pezas

GRAZAS POR VISITAR O MUSEO DAS MARIÑAS!
PODES SEGUIR A NOSA ACTIVIDADE NAS REDES SOCIAIS
@BAMBETANZOS
OU NA WEB
BAM.BETANZOS.GAL

2.3 Foto e Pintura

Cando Natalia doou o cadro de O. Tourné ao museo, comezaron os misterios. No cadro aparece a torre de San Domingos e ten detrás un selo de Filipinas. Non coñecíamos de nada a ese pintor. Cal é o verdadeiro nome de O. Tourné?

O S C A O T R L P E I O U M H
R L Z U Y I O E W Q U K O F Ñ
I J I A T E S M P U E L I R M
X A E V E M E N A I I M Q B V
G P O X M A J Ñ M M I U A E O
Ñ A E D F G H K P A O X W M V
X A E V E M E I A R I M Q B V
Y X Z O L I A R O L I V Ñ R O

2.3 Foto e Pintura

Quen é quen? Adiviña o nome da pintora:

- Daba clases a outras veciñas na súa casa da rúa Nova.
- O seu pai tamén daba clases de pintura.
- Colaborou con varios debuxos no Anuario Brigantino.
- O seu marido era un amante da fotografía.
- Pintou moitas paisaxes betanceiras.
- Retratoou aos seus pais.

SOLUCIÓNS




I.2

- I.3 2
I.4 Iurado
I.5 Ieóns
2.I XVI
2.I II9 ac
2.3 Felín - Rosina - Castro G11
2.3 Rosina Martínez Barrai
2.3 TNT
2.3 Olimpia

- 2.2
Pedro - Chaves
Juan E. - Copa
Andrés - Libro
Santiago Menor - Bastón
Bartolomé - Navalla
Matías - Machado
Judás - Nada
Felipe - Libro
Pablo - Espada
Simón - Libro
Tomás - Escudero
Stgo. Mayor-Libro e bordón

2.5 Sociedade

O compositor Carlos López García-Picos asinaba as súas obras cun anagrama feito cas primeiras letras de cada palabra do seu nome (C-L-G-P). Copia o seu método e fai o teu propio anagrama ca primeira letra do teu nome e apelidos:



RESOLVEMOS O MISTERIO?

- 1.Fai reconto. Cantas probas superaches? ____
- 2.Busca a porta pequena detrás do león durminte.
Que non te vexan! Axuda a gardar o segredo!
- 3.Colle tantas letras como probas teñas superado.
- 4.Resolve (e logo recolle e deixa todo no seu sitio)
